

## Eclogita, a rocha aventureira (TRABALLO 103)

Eclogita é unha rocha que se formou no interior da Terra fai miles e miles de milleiros de anos. Alí foi onde se orixinou, a varios kilómetros de profundidade, nun lugar onde a temperatura era moi elevada e non había luz. Alí viviu tantos anos, que nin ela pode dicirnos certamente cantos, tiña unha vida rutineira e bastante aburrida ao non haber moito que ver con tanta escuridade. Era un lugar tan cheo de rochas, que estaban unhas a empurróns nas outras, a presión que notaba a nosa protagonista era tal, que un bo día tomou unha importante decisión: quería cambiar de aires! Así que nosa intrépida Eclogita, colleu o que tiña a man e comezou a súa viaxe. Realmente non sabía a onde ir, polo que se deixou levar, sen ter moi claro a onde chegaría. Foi unha longa viaxe, na que tivo que facer varias paradas, e incluso nalgún momento pensou se volver de novo sobre os seus pasos. Pero non o fixo, ela continuou ata que chegou a un lugar con algo novo, había claridade, había luz! Nese momento soubo a onde chegara, atrás quedaba a escuridade do manto e da codia, chegara á superficie terrestre, onde os raios do sol o iluminaban todo.

Co tempo soubo que estaba nun lugar da superficie terrestre coñecido como Galiza, concretamente nun recuncho chamado Ortegá. Ortegá, que lugar! Quedou marabillada! O primeiro que viu foi o mar, nunca tal vira. Que tranquilidade escoitar a auga moverse suavemente e notar a brisa fresca, nada que ver con aquela presión e temperatura das súas orixes. Moito tempo ten pasado neses impresionantes cantís, nunca se cansa de ver o ir e vir das ondas, e da doce sensación das salpicaduras da auga salgada sobre ela. Pero había moito máis que ver, había altas montañas e bonitas praias, ríos e tamén outras rochas que como ela, chegaran a aquel mesmo lugar. Co tempo fixo amizade con veciños como Gneis ou Granulita, que como ela están encantadas de morar neste recuncho galego. Tamén se leva moi ben con outras rochas coma Toelo que vive por Moeche, ou Granito que é moi inquedo e sociable, adáptase a todo, por iso o podes atopar case por calquera lugar da xeografía galega.

Quen lle ía dicir a Eclogita, a nosa rocha aventureira, que este lugar da costa Ártabra ía converterse no seu fogar. Xa leva moito tempo habitando este recuncho, moitos cambios ten habido dende que chegou, pero polo que conta pensa quedar moito tempo máis.

E esta é a historia de Eclogita, unha rocha ben bonita e aventureira. Se queres coñecela e saber máis dela, só tes que facer unha rutiña por Ortegá e observar, a nosa coqueta amiga Eclogita viste un traxe de lunares granates e é doado atopala tomando o sol na praia de Basteira, descansando no porto de Cariño, facendo sendeirismo pola serra da Capelada ou observando os Aguillóns de Cabo Ortegá dende os cantís que baña o mar.